CONCELLO DE CEDEIRA *(A CORUÑA)*
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA TRINTA DE MAJO DE 2016.

(A información contida no punto 1.- SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS CORRESPONDENTES AO CONCELLO DE CEDEIRA PARA A REALIZACIÓN DAS ELECCIÓNS XERAIS DO DÍA 26 DE XUÑO DE 2016 foi editado para a eliminación de datos persoais)

PRESIDENTE
D. Pablo Diego Moreda Gil

CONCELLEIROS
Don Manuel Pérez Riola
Don Nicolás Vergara Quintiana
Dona Mª José Rodríguez Pérez
Dona Manuela López Rodríguez
Don José Camilo Casal García
Don Robustiano Labraña Barrero
Don Luis Rubido Ramonde
Don Alfredo Vilela Santalla
Don Pablo Luis Nebril López
Dona Esther Couto Lamigueiro
Dona Mª Luisa Pérez Prieto
Don Esteban Blanco Garrote

AUSENTES:

SECRETARIA:
Dona Ana Velo Ruiz

INTERVENTOR:
Don Jorge Manuel Vida! Zapatero

No salón de ses10ns da Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás vinte horas do día trinta de maio de dous mil dezaseis, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar unha sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde- Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que se relacionan á marxe, actuando como secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.

O Sr. Alcalde comeza dicindo: O motivo de retrasar a sesión a día de hoxe foi porque debido ó sorteo dos membros das mesas electorais tíñase que haber feíto entre hoxe e o mércores, que eran os días que estaban estipulados. Entón, para facer un pleno extraordinario, o que fixemos foi retrasar o ordinario e así tamén o que facemos é aforrar un pouco os gastos do que sería un pleno máis. Empezamos coa orde o día.

A continuación se pasa ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria .

1.- SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS CORRESPONDENTES AO CONCELLO DE CEDEIRA PARA A REALIZACIÓN DAS ELECCIÓNS XERAIS DO DÍA 26 DE XUÑO DE 2016

Vista a convocatoria de eleccións xerais para o día 26 de xuño de 2016 efectuada polo Real Decreto 184/2016, de 3 de maio, de disolución do Congreso dos Deputados e do Senado e de convocatoria de eleccións, publicado no BOE núm. 107 do 3 de maio de 2016, a teor do disposto no artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, compete a esta Corporación a formación das mesas electorais, debendo ser designados o presidente e os vogais cos seus conseguintes suplentes mediante sorteo público entre a totalidade das persoas censadas na sección correspondente, entre os días vixésimo quinto e vixésimo noveno posteriores á convocatoria das eleccións. Os membros das mesas deberán ser menores de setenta anos, se ben a partir dos sesenta e cinco poderán manifestar a súa renuncia no prazo de sete días, e que sepan ler e escribir, debendo o Presidente ter título de Bacharelato ou de Formación Profesional de segundo Grao, ou subsidiariamente o de Graduado Escolar ou equivalente.

Estimando por tanto necesaria a fixación dos criterios que determinen de xeito automático aos electores que constituirán as mencionadas mesas, e considerando que ditos criterios deben ser aprobados pola Corporación con anterioridade á realización do sorteo, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Normas para a desi!mación dos compoñente das mesas electorais:

1) Sorteo por cada distrito, sección e mesa.

- O Censo Electoral extráese do programa CONOCE, proporcionado polo Instituto Nacional de Estatística.

- Farase un único sorteo informático utilizando o programa CONOCE do I.N.E.; os cales cumpren os parámetros legais segundo a normativa especificada na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral.

2) Condicións para ser nomeado Presidente de mesa electoral ou suplente.

a) Ser menor de 70 anos.
b) Posuir, como mínimo, o título de Bacharelato Superior ou de F.P. de 2º grao; ou subsidiariamente de Graduado Escolar ou equivalente.

3) Condicións para ser nomeado Vogal de mesa electoral ou suplente.

a) Ser menor de 70 anos.
b) Saber ler e escribir.

4) Nomeamento de membros de mesa electoral para os casos de requirilo a Xunta Electoral de Zona.

Xerarase, no mesmo sorteo, unha lista suplementaria consistente en dous suplentes por posto dos referenciados nos puntos 2 e 3 (Presidente e Vogais), e sete suplentes máis por posto, a maiores dos anteriores, en previsión dos casos nos que debido ás reclamacións estimadas pola Xunta Electoral de Zona, sexa necesario nomear novos membros de mesa electoral, tanto para o cargo de presidente como de vogais. Estes suplentes serán notificados só no referido suposto."

O Pleno da Corporación aproba referidas normas e a continuación procédese ao sorteo dos membros das mesas electorais, do que se obtén o seguinte resultado:

1 MUNICIPIO CEDEIRA
DISTRITO CENSAL O l SECCIÓN 001 MESA U

CARGO	NOME	DNI
Presidente	M.D.C.R.T.	XXXXXXXX-X
lº Vocal	J.Q.Y.	XXXXXXXX-X
2º Vocal	A.M.M.	XXXXXXXX-X
1º Suplente de Presidente	V.T.C.	XXXXXXXX-X
2º Suplente de Presidente	T.A.P.S.	XXXXXXXX-X
1° Suplente de 1° Vocal	A.C.F.	XXXXXXXX-X
2° Suplente de 1º Vocal	J.G.L.	XXXXXXXX-X
1º Suplente de 2° Vocal	J.V.P.M.	XXXXXXXX-X
2° Suplente de 2° Vocal	J.M.M.N.	XXXXXXXX-X

1 MUNICIPIO CEDEIRA
DISTRITO CENSAL 01 SECC1ÓN 002 MESA A

CARGO	NOME	DNI
Presidente	R.A.A.L.	XXXXXXXX-X
1º Vocal	A.C.A.	XXXXXXXX-X
2º Vocal	M.I.B.	XXXXXXXX-X
1º Suplente de Presidente	C.I.R.	XXXXXXXX-X
2° Suplente de Presidente	F.A.P.	XXXXXXXX-X
1º Suplente de 1° Vocal	M.D.C.	XXXXXXXX-X
2° Suplente de 1º Vocal	M.G.R.	XXXXXXXX-X
1º Suplente de 2° Vocal	J.M.C.M.	XXXXXXXX-X
2º Suplente de 2º Vocal	M.A.L.R.	XXXXXXXX-X

1 MUNICIPIO CEDEIRA
DISTRITO CENSAL O 1 SECCIÓN 002 MESA B

CARGO	NOME	DNI
Presidente	M.N.P..	XXXXXXXX-X
l º Vocal	M.J.M.N.	XXXXXXXX-X
2º Vocal	R.M.R.A.	XXXXXXXX-X
1º Suplente de Presidente	L.M.P.M.	XXXXXXXX-X
2° Suplente de Presidente	M.P.J.	XXXXXXXX-X

CONCELLO DE CEDEIRA *(A CORUÑA)*
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C./.F.: P-1502200-G

1 de 1º Vocal	M.P.V.	XXXXXXXX-X
2 de 1º Vocal	M.M.M.	XXXXXXXX-X
l º Suplente de 2° Vocal	E.P.V.	XXXXXXXX-X
2° Suplente de 2° Vocal	C.T.F.	XXXXXXXX-X

1 MUNICIPIO CEDEIRA
DISTRITO CENSAL O 1 SECCIÓN 003 MESA A

CARGO	NOME	DNI
Presidente	J.L.C.	XXXXXXXX-X
1º Vocal	M.L.C.	XXXXXXXX-X
2° Vocal	D.M.H.R.	XXXXXXXX-X
1° Suplente de Presidente	S.L.B.	XXXXXXXX-X
2º Suplente de Presidente	M.D.M.C.	XXXXXXXX-X
1º Suplente de 1º Vocal	L.L.R.	XXXXXXXX-X
2° Suplente de 1º Vocal	C.G.D.	XXXXXXXX-X
1º Suplente de 2º Vocal	C.G.L.	XXXXXXXX-X
2° Suplente de 2º Vocal	M.L.L.C.	XXXXXXXX-X

1 MUNICIPIO CEDEIRA
DISTRITO CENSAL O 1 SECCIÓN 003 MESA B

CARGO	NOME	DNI
Presidente	M.C.T.A.	XXXXXXXX-X
1º Vocal	C.P.R.F.	XXXXXXXX-X
2º Vocal	O.N.P.	XXXXXXXX-X
1º Suplente de Presidente	M.P.F.	XXXXXXXX-X
2º Suplente de Presidente	M.T.P.P.	XXXXXXXX-X
1º Suplente de 1º Vocal	J.V.M.	XXXXXXXX-X
2º Suplente de 1º Vocal	J.R.A.	XXXXXXXX-X
1º Suplente de 2° Vocal	I.M.S.A.	XXXXXXXX-X
2° Suplente de 2° Vocal	J.A.P.C.	XXXXXXXX-X

1 MUNICIPIO CEDEIRA
DISTRITO CENSAL O l SECCIÓN 004 MESA A

CARGO	NOME	DNI
Presidente	A.L.P.	XXXXXXXX-X
1º Vocal	V.J.C.G.	XXXXXXXX-X
2º Vocal	A.G.R.	XXXXXXXX-X
1º Suplente de Presidente	M.J.G.A.S.	XXXXXXXX-X
2° Suplente de Presidente	L.M.O.	XXXXXXXX-X
1º Suplente de 1º Vocal	J.M.P.	XXXXXXXX-X
2º Suplente de 1º Vocal	J.C.L.	XXXXXXXX-X
1º Suplente de 2º Vocal	M.J.D.M.	XXXXXXXX-X
2° Suplente de 2º Vocal	R.V.R.	XXXXXXXX-X

! MUNICIPIO CEDEIRA DISTRITO C

CARGO	NOME	DNI
Presidente	J.A.R.B.	XXXXXXXX-X
1º Vocal	J.A.P.I.	XXXXXXXX-X
2° Vocal	N.M.G.	XXXXXXXX-X
1º Suplente de Presidente	R.P.P.	XXXXXXXX-X
2º Suplente de Presidente	J.A.L.L.	XXXXXXXX-X

de 1° Vocal	J.S.R.L.	XXXXXXXX-X
de 1º Vocal	C.E.R.I.	XXXXXXXX-X
1° Suplente de 2° Vocal	J.A.R.P.	XXXXXXXX-X
2° Suplente de 2° Vocal	M.C.C.P.	XXXXXXXX-X

1 MUNICIPIO CEDEIRA

DISTRITO CENSAL O1 SECCIÓN 004 MESA C

CARGO	NOME	DNI
Presidente	D.R.P.	XXXXXXXX-X
1 º Vocal	J.F.G.	XXXXXXXX-X
2° Vocal	R.G.V.	XXXXXXXX-X
1º Suplente de Presidente	M.G.P.	XXXXXXXX-X
2º Suplente de Presidente	P.R.G.	XXXXXXXX-X
1° Suplente de 1° Vocal	N.R.M.	XXXXXXXX-X
2º Suplente de 1º Vocal	J.M.B.L.	XXXXXXXX-X
1º Suplente de 2° Vocal	P.D.S.	XXXXXXXX-X
2º Suplente de 2° Vocal	J.M.Y.G.	XXXXXXXX-X

1 MUNICIPIO CEDEIRA

DISTRITO CENSAL O1 SECCIÓN 004 MESA D

CARGO	NOME	DNI
Presidente	M.A.D.G.	XXXXXXXX-X
1° Vocal	J.P.P.	XXXXXXXX-X
2º Vocal	R.M.L.R.	XXXXXXXX-X
1º Suplente de Presidente	L.L.M.	XXXXXXXX-X
2º Suplente de Presidente	R.C.G.	XXXXXXXX-X
1º Suplente de 1 º Vocal	J.L.B.M.	XXXXXXXX-X
2º Suplente de 1° Vocal	J.M.R.A.	XXXXXXXX-X
1° Suplente de 2° Vocal	C.N.P.	XXXXXXXX-X
2° Suplente de 2° Vocal	D.G.P.	XXXXXXXX-X

! MUNICIPIO CEDEIRA

DISTRITO CENSAL O1 SECCIÓN 006 MESA A

CARGO	NOME	DNI
Presidente	M.D.R.P.	XXXXXXXX-X
1º Vocal	I.L.G.	XXXXXXXX-X
2° Vocal	A.P.G.	XXXXXXXX-X
1º Suplente de Presidente	M.A.R.O.	XXXXXXXX-X
2º Suplente de Presidente	R.B.V.	XXXXXXXX-X
1º Suplente de 1° Vocal	R.G.M.	XXXXXXXX-X
2° Suplente de 1 °Vocal	L.P.P.	XXXXXXXX-X
1º Suplente de 2° Vocal	J.B.F.	XXXXXXXX-X
2° Suplente de 2° Vocal	J.B.R.F.	XXXXXXXX-X

! MUNICIPIO CEDEIRA

DISTRITO CENSAL O1 SECCIÓN 006 MESA B

CARGO	NOME	DNI
Presidente	M.C.Q.L.	XXXXXXXX-X
1º Vocal	G.G.A.	XXXXXXXX-X
2° Vocal	A.A.M.D.	XXXXXXXX-X
1º Suplente de Presidente	C.L.P.	XXXXXXXX-X

2º de Presidente	C.B.R.	XXXXXXXX-X
1º Suplente de 1º Vocal	M.A.V.R.	XXXXXXXX-X
2° Suplente de 1º Vocal	J.P.P.	XXXXXXXX-X
!º Suplente de 2° Vocal	C.P.M.	XXXXXXXX-X
2º Suplente de 2º Vocal	M.S.F.V.	XXXXXXXX-X

2.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DE 16.03.2016

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada o 16.03.2016.

Ao non producirse ningunha observación, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, resultando aprobada por sete votos a favor do PSdG-PSOE (tres), do BNG (dous) e de ANOVA (dous) e seis abstencións do PP.

3.- CAMBIO DE DENOMINACIÓN DO PARQUE SAGRADO CORAZÓN

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos do 27.05.2016, que dí:

"Vista a Proposta da Alcaldía de data 24.05.2016, que dí:

"O artigo 75 do Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das Entidades Locais dispón que os concellos manterán actualizadas a nomenclatura e a rotulación das vías públicas e a numeración dos edificios, informando disto a todas as administracións públicas interesadas.

Desde a Concellería de Cultura e Turismo considérase conveniente que o "Parque Sagrado Corazón" pase a nomearse segundo a denominación coa que é comúnmente coñecido: "Praza Roxa".

O cambio do nome dunha vía pública por outro pode producir diversos trastornos, complicacións nos servizos postais, nos documentos oficiais e nas guías de todo tipo, direccións comerciais e residenciais, incluso poden producirse inconvenientes nas anotacións nos rexistros oficiais. Tamén é habitual que o topónimo antigo se siga empregando polos veciños, que na súa maioría non fan demasiado caso do acordo municipal e seguen chamando a rúa como o viñan facendo desde anos.

No caso da praza que nos ocupa todos sabemos que para os veciños e incluso visitantes e máis coñecida como "Praza Roxa" que como "Parque Sagrado Corazón", polo que ao facer coincidir o nome oficial co seu "nome popular" non deberan producirse as confusións e trastornos antes citados.

Considerando que co exposto explícase sucintamente os motivos que xustifican o cambio de denominación, propoño ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao cambio do nome do "Parque Sagrado Corazón" pasando a nomearse "PRAZA ROXA".

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Delegación Provincial do Instituto Nacional de Estatística, á Oficina de Correos e Telégrafos, á Xerencia Territorial do Catastro e ó Rexistro da Propiedade, para os efectos oportunos.

Terceiro.- Notificar o cambio realizado ós habitantes afectados.

Non obstante, o Pleno acordará o que estime pertinente."

A Comisión, por catro votos a favor do PSdG-PSOE (dous), do BNG (un) e de ANOVA (un), e tres abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación."

Aberto o turno de intervencións o Sr. Rubido Ramonde di: Si. ¿As causas son puramente administrativas, non? As molestias. É o que veñen a dicir. As molestias que se lle poden estar causando...

A Sra. Rodríguez Pérez d i: Podía haber molestias se fora un nome non coñecido. Pero nesta caso as molestias son Parque do Sagrado Corazón, que nadie lle chama así.

O Sr. Rubido Ramonde di: Hai unha realidade na rúa que non conecta coa real idade documental nos rexistros administrativos. Ben. Si aquí se tratara dunha cuestión sectaria, que non a razonan vostedes. Sí é unha denominación sectaria vostedes poderían plantar q ue Parq ue do Sagrado Corazón é sectario. Que calle un determinado sentir da poboación, e entonces d iscutiríamos. Poderíamos falar doutra denominación. Pero están falando vostedes dunha cuestión puramente administrativa. Molestias.

O Sr. Alcalde di: Non. Esa é a xustificación. Que poida traer algún problema e estase xustificando por ahí. ¿Pero por qué é sectario? ¿Por qué di vostede que é sectario?

O Sr. Rubido Ramonde d i: Home, porque é unha alusión a unha denominación relixiosa, católica. Poderían vostedes alegar isa. Entonces ao mellor poñeríamonos de acordo entre todos en poñer un nome. Pero pasamos dun lado a outro. Sí ten connotacións sectarias.

A Sra. Rodríguez Pérez di: ¿Praza Roxa ten connotacións sectarias? Para vostede.

O Sr. Rubido Ramonde d i: O follón vaise armar agora.

A Sra. Rodríguez Pérez di: ¿Qué follón?

O Sr. Rubido Ramonde di: Porque hai que cambiar rexistros administrativos, DNI, rexistro da propiedade, Google tarda cinco anos en cambiar e os navegadores que utilizan as empresas de transporte non van a detectar correctamente a qué sitio teñen que ir porq ue detectan Parque do Sagrado Corazón. O follón está aquí. Xustificación porque a xente a denomina así. Pois esa é a guindilla de todos os pobos. Praza da Constitución ¿Cómo é coñecida? Por Praza da Revolta. Harta Nova ¿por qué é coñecida? Por Liang Shang Po. Vivendas Nasa Señora do Mar, ¿por qué é coñecida? Por Crónicas. Outra, Praza dos Cabalas, que é en realidade López Cortón. Ou sexa que teñen vostedes motivos para cambialo todo.

O Sr. Alcalde di: Si, pois serían unhas boas propostas. Pero os argumentos que vostede está dicindo é igual que calquera outra rúa de calquera outro sitio. Vai ter os mesmos procedementos.

O Sr. Rubido Ramonde di: Ten o mesmo. Exactamente. Estamos molestando a 400 veciños.

O Sr. Alcalde di: Eu creo que aquí estámoslle sacando precisamente ese carácter sectario que podía ter porque para nós o motivo de sacalo non é que se chame Sagrado Corazón, é que todo o mundo lle chama Praza Roxa.

A Sra. Rodríguez Pérez di: É que vostede o está dicindo, o tema do carácter sectario. Vostede prefería que nós argumentáramos que en vez de ser de uso habitual chamarlle Praza Roxa, que nós nos opuxéramos a chamarlle Parque do Sagrado Corazón porque é un tema relixioso. ¿Vostede prefería esa xustificación?

O Sr. Rubido Ramonde di: Pois plantearíamos outro tipo de ...

O Sr. Alcalde di: Non é o naso argumento.

O Sr. Rubido Ramonde continúa: Porque non se pode ocultar unha denominación sectaria con outra. Unha por outra.

O Sr. Alcalde di: Non. Esa é a forma que vostede interpreta. Pero estámoslle dando unha explicación.

O Sr. Rubido Ramonde di: Non me diga que por facilidade administrativa, porque o follón está armado para moitos anos.

A Sra. Rodríguez Pérez di: ¿Qué follón?

O Sr. Rubido Ramonde di: E no Rexistro da Propiedade igual. A denominación é Parque do Sagrado Corazón.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Cada vez que se cambiou ...

O Sr. Rubido Ramonde di: Están rexistrados tódolos solares como Parque do Sagrado Corazón.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Bueno, pois cámbiese. Tamén estaba como Paseo Xeneralísimo a Avenida Castelao e cambiouse.

O Sr. Rubido Ramonde di: Pero eso era unha causa moi evidente.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Bueno, quera dicir que é normal. Os cambios de nomes de rúas é normal. E os de parques e prazas tamén e algo habitual.

O Sr. Rubido Ramonde di: Nosoutros non o vemos así.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Un pleno ten capacidade para facer iso.

O Sr. Alcalde di: O que dicía o que leu a Secretaria é que o cambio de nome dunha vía pública por outro pode producir diversos trastornos, complicacións nos servizos postais, nos documentos oficiais e nas guías de todo tipo, direccións comerciais e residenciais. Incluso poden producirse inconvenientes nas anotacións en rexistros oficiais. Non é unha xustificación o que está dicindo. É un trastorno que sabemos que pode haber. Como pode haber ao cambiar calquera outra rúa.

O Sr. Rubido Ramonde di: Trastorno asumido gratuitamente. Eu non vexo a necesidade de cambiar o nome.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Pero, vamos a ver. Igual chega alguén á Vila e pregunta ¿Onde está o Parque do Sagrado Corazón? E hai xente que ó mellar non sabe onde é. Si pregunta ónde está a Praza Roxa e sábeo todo o mundo. Bueno, pois xa está. E complicacións e demáis, sempre as hai, para miles de temas. Pero si non é que non faceríamos nada. Eu é que non lle vexo un argumento de peso.

O Sr. Alcalde di: Pero bueno, é un bo razonamento o que dixo vostede.

O Sr. Rubido Ramonde di : Que ten unha denominación sectaria, pois bueno, consensuamos un nome. O que lle chama a xente hoxe chámese... E aparte, foi polo color do pavimento, nada máis.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Claro.

O Sr. Rubido Ramonde di: Ó final calle outra connotación.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Dos sectarismos está falando vostede.

O Sr. Rubido Ramonde di: Ó final calle outra connotación.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Non, non calle outra connotación.

O Sr. Alcalde di: Os nomes populares, eu creo que está ben. Eso de, un pouco, facerlle caso ao que di o pobo. Pero parécenme boas propostas tamén cambiar o nome de outras rúas, ¿por qué non?

O Sr. Rubido Ramonde di: E mañá, por calquera anécdota cámbiase, e cámbiase.

A Sra. Rodríguez Pérez d i : ¿E qué pasa?

O Sr. Alcalde di: Eu non creo que chamarlle Praza Roxa á Praza do Sagrado Corazón se poida considerar unha anécdota.

O Sr. Rubido Ramonde di: Porque hoxe coñece todo o mundo a Praza da Constitución como Praza da Revolta.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Bueno, pois ó mellar hai que cambialo.

O Sr. Alcalde di: Pois igual habría que cambialo.

O Sr. Rubido Ramonde d i: Por unha empresa privada que abreu alí.

O Sr. Alcalde di: Está ben que o pobo lle poña nomes ás rúas e que non só teñan q ue ser os políticos. Me parece unha proposta axeitada. Pero bueno.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Efectivamente.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete votos a favor do PSdG-PSOE (tres), do BNG (dous) e de ANOVA (dous) e seis abstencións do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

4.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 185/2016 ADHESIÓN AO CONVENIO EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos do 27.05.2016, que dí:

"Dada conta da Resolución da Alcaldía 185/2016 de 29 de abri l, do seguinte teor literal:

"Asunto: ADHESIÓN AO CONVENIO EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS

No presente mes reci bi use unha comunicación da FEGAMP relativa á formalización dun convenio entre a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de data 30/03/2016, para realizar accións de mellora nos puntos limpos e así cumprir cos requisitos de recollida, almacenamento e clasificación de RAEE establecidos no Real Decreto 110/2015 do 20 de febreiro, e residuos de aparatos eléctricos e electrónicos.

As accións que recolle o convenio, financiadas por fondos PEDER e fondos propios da Xunta de Galicia, son, ademais de accións formativas para o persoal municipal vinculado á xestión dos puntos limpos:

- medios para a pesada de RAEE
- marquesiñas para o almacenamento de RAEE
- barreiras de estanqueidade e beirís perimetrais
- carteis distintivos para as distintas fraccións de RAEE

Realizada consulta coa FEGAMP, este concello cumpre os requisitos establecidos no convenio, polo que é de interese solicitar a adhesión ao mesmo.

Polo tanto, RESOLVO:

1.- Solicitar a adhesión do Concello de Cedeira ao Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a FEGAMP, co fin de dotar ao punto limpo de titularidade desta entidade local do equipamento necesario, de entre o comprendido no obxecto <leste convenio, para a recollida e clasificación de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, coa seguinte excepción:

cláusula II. "OBRIGAS DAS PARTES", apdo. c), punto 2; que se estará ao disposto na normativa en vigor.

2.- Dar traslado do presente acordo á FEGAMP para os efectos indicados.

3.- Ratificar a presente resolución polo Pleno da corporación na vindeira sesión que realice."

A Com isión, por catro votos a favor do PSdG-PSOE (dous), do BNG (un) e de ANOVA (un), e tres abstencións do PP, emite ditame favorable e acorda propoñer ao Pleno a ratificación da Resolución de Alcaldía 185/2016 de 29 de abril."

Aberto o turno de intervención, o Sr. Casal García di: Non entendo ben cómo vostedes se poden abster a esto. Non sei si saben ben de qué vai. Si saben ben de qué vai.

O Sr. Rubido Ramonde di: Perdón que interrumpa. ¿A qué? ¿Ao punto que irnos a someter a votación agora?

O Sr. Labraña Bamero di : Foi na Comisión .

O Sr. Rubido Ramonde d i : Na Comisión, normal que gañemos un tempo de estudio. Pero non nos irnos abster. Xa lle anuncio que irnos votar a favor.

O Sr. Casal García di: Me parecía ... Non ter os aparellos eléctricos ... Bueno, nada, prefiro calar.

O Sr. Rubido Ramonde di: É un modo de proceder. Para estudialo. Xa lle anuncio que irnos votar a favor.

O Sr. Casal García di: É que ao mellar hai algún argumento que se me escapa, entón...

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros, ACORDA: RATIFICAR a Resolución de Alcaldía 185/2016 de 29 de abril.

5.- RATIFICACIÓN DO DECRETO 186/2016 APROBACIÓN DA SEGUNDA CORRECCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DE MELLORA NA ACCESIBILIDADE E OUTRAS NA BIBLIOTECA MUNICIPAL

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos do 27.05.2016, que dí:

"Dada conta da Resol ución da Alcaldía 186/2016 de 29 de abril, do seguinte teor literal:

"Asunto: APROBACIÓN DA SEGUNDA CORRECCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DE MELLORA NA ACCESIBILIDADE E OUTRAS NA BIBLIOTECA MUNICIPAL

Mediante a Resolución de Alcaldía núm. 158/2016 de 18.04.2016 foi aprobado o proxecto técnico corrixido denominado "Mellara na accesibilidade e outras na bibl ioteca municipal", cun importe total de 249.246,69 € IVE incluído, unha vez solventadas as deficiencias indicadas mediante requiri mento da Deputación Provincial; e foi enviado a través da plataforma SUBTEL para a súa correcta inclusión no Plan de Aforro e Investimento 2016.

Esta Resolución de Alcaldía núm. 15/2016 foi ratificada mediante o acordo plenario de data 28.04.2016.

Unha vez comprobado o proxecto técnico polo Servizo de Plans da Deputación Provincial, detéctase que non foron correxidas na súa totalidade as deficiencias sinaladas no informe de supervisión anteriormente remitido, no senso de que se fai referencia a marcas concretas no anexo correspondente aos cálcu los l umínicos, polo que requiren verbalmente a corrección do proxecto e posterior envío.

Logo de realizar as correccións necesarias no proxecto técnico denominado "Mellara na accesibilidade e outras na biblioteca municipal", as cales non supoñen modificacións sustanciais ne), nin variación no seu presuposto,

RESOLVO :

1.- Aprobar o proxecto técnico denominado "Mellora na accesibilidade e outras na biblioteca municipal", unha vez corrixidas as deficiencias comunicadas, polo importe total de 249.246,69 € IVE incluído.

2.- Enviar o proxecto técnico " Mellora na accesibilidade e outras na biblioteca municipal" á Deputación Provincial a través da plataforma telemática SUBTEL.

3.- Dar traslado da presente resolución á Deputación Provincial a través da plataforma telemática SUBTEL.

4.- Ratificar a presente resolución polo Pleno da corporación na vindeira sesión que realice."

A Comisión, por catro votos a favor do PSdG-PSOE (dous), do BNG (un) e de ANOVA (un), e tres abstencións do PP, emite ditame favorable e acorda propoñer ao Pleno a ratificación da Resolución de Alcaldía 186/2016 de 29 de abril."

Aberto o tumo de intervencións o Sr. Alcalde di: ¿Quedou claro, non? Digamos que no proxecto aparecía nos cálculos lumínicos a marca dunha determinada empresa, a enxeñería en estos casos calquera enxeñeiro industrial fai o cálculo, pero oeste caso supoño que llo encargarían a unha empresa, ou algún enxeñeiro pertence a algunha empresa e aparecía a marquita da empresa. Entón a Deputación o que nos di é que ten que desaparecer calquera símbolo de calquera empresa.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros, ACORDA: RATIFICAR a Resolución de Alcaldía 186/2016 de 29 de abril

6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN 227/2016 E DECLARACIÓN DO COMPROMISO DE CRÉDITO PARA O PROXECTO MODIFICADO DA ÁREA RECREATIVA EN A MAGDALENA

Pola Secretaria dáse lectura ao d itame da Comisi ón Informativa de Plenos do 27.05.2016, que d í:

"Vista a Proposta da Alcaldía de data 20.05.2016, que dí:

"Mediante o acordo do Pleno da corporación de data 16.03.2016 foi aprobado o proxecto modificado de "Acondicionamento da área recreativa en A Magdalena. POS 2015"

Unha vez remitida a documentación xustificativa desta modificación á Deputación Provincial, requiriuse verbalmente o envío telemático dos informes de Secretaría, Intervención e Técnico municipal, así como un informe técnico-xurídico os cales remitíronse os días 18 e 19 de maio de 2016.

Así mesmo o día 19.05.2016 foi <litada a Resolución de Alcaldía núm. 227/2016 que se transcribe de seguido, e foi enviada telematicamente á Deputación Provincial:

"Asunto: DECRETO DE COMPROMISO DE CRÉdDITO PARA O *PROXECTO MODIFICADO DA ÁREA RECREATIVA EN A MAGDALENA*

Mediante o acordo do Pleno da corporación de data 16.03.2016 foi aprobado o proxecto modificado de "Acondicionamento da área recreativa en A Magdalena. POS 2015"

No informe emitido pala Intervención municipal con data 13.03.2016 consta a condición da existencia de crédito á liquidación e nova licitació ndo proxecto de "Acondicionamento da área recreativa A Magdalena"

A liquidación á que se fai referencia foi aprobada mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 11.04.2016 por un importe de cero euros.

Por isto, RESOLVO:

1.- Declarar o compromiso do Cancel/ o a incluír no orzamento municipal do 2016 osfondos necesarios para facer fronte á achega municipal do proxecto denominado "Modificado núm. 1 do acondicionamento da área recreativa A Magdalena" se a houbera.

2.- Dar traslado da presente resolución á Excma. Deputación Provincial."

Non obstante é necesaria a ratificación plenaria desta resolución de Alcaldía así como de acordo coas instrucións do Servizo de Plans da Deputación Provincial, concretar o importe que o Concello se compromete a incluír no orzamento municipal do 2016.

Considerando os seguintes importes:

importe total do proxecto técnico	49.989,65 €	
importe da adxudicació inicial:	38.841,00 €	
diferenza		11.148,65 €

Propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Ratificar a Resolución de Alcaldía n úm. 227/2016 de 19 de maio.

2.- Declarar o comprom iso do Concello de financiar ata o importe de 11.148,65 € correspondente á diferenza entre o presuposto total do proxecto técnico e a adxudicación inicial, mediante o correspondente expediente de modificación de crédito ou ata a cantidade que corresponda unha vez adxudicada a obra.

3.- Dar traslado do presente acordo á Excma. Deputación Provincial para os efectos da aprobación do "Modificado núm. 1 do acondicionamento da área recreativa en A Magdalena."

A Comisión, por catro votos a favor do PSdG-PSOE (dous), do BNG (un) e de ANOVA (un), e tres abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación."

Aberto o turno de intervencións o Sr. Rubido Ramonde di: É solo unha pregunta. Supoño que terá unha explicación ¿por qué inicialmente era 38.000 e agora hai que facer un compromiso de crédito por 11.000? Si inicialmente o proxecto que habiamos adxudicado nosoutros estaba esa cantidade.

O Sr. Alcalde di: Sí, explícolle. O proxecto, digamos, inicial estaba en 49.989,65 euros. Cando foi adxudicado adxudicouse pola cuantía de 38.841 euros, entón, digamos que esta é a partida que ten a Deputación disposta para facer este proxecto. Agora, cando se fixo a rescisión do contrato por incumprimento da empresa adxudicataria vaise volver a l icitar este proxecto. Non este mesmo, pero bueno, a través deste Plan. Modificase o proxecto. Vaise sacar a concurso e entón sácase en 49.999. O que nos obriga a Deputación é que si se adxudica por riba de 38.841 a ter xa reserva de crédito nos orzamentos para poder afrontalo. Si se adxudica por menos de 38.000 non pasaría nada. Entón, o que nos di a Deputación, q ue por eso se aproba agora, é que si en vez de 38.841 se fai en 39.000 pois hai que pagar a d iferencia entre 39.000 e 38.841, ter a reserva de crédito nos orzamentos.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete votos a favor do PSdG-PSOE (tres), do BNG (dous) e de ANOVA (dous) e seis abstencións do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

7.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2015

Pola Presidencia dáse conta da Resolución de Alcaldía nº 222/2016 de 16 de ma10, de aprobación da liquidación do presuposto do exercicio 2015, que se transcribe de seguido:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACION LIQUIDACION PRESUPOSTO CONCELLO EXERCICIO 2015

Vistos os artigas 191 a 193 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os artigas 89 a 105 do Real Decreto Lexislativo 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título Sexto da Lei Reguladora das Facendas Locais, as Regras 78 a 86 da Instrucción de contabilidade para a Administración Local, de 23 de novembro de 2004 e as Bases de Execución do Orzarnento do Concello de Cedeira polo que respecta á liquidación do Orzamento.

Visto que finalizáronse os traballos de contabilización e peche do exercicio contable do ano 2015 e que que se procedeu á elaboración da liquidación.

Visto ca Intervención municipal evuacou o informe correspondente ó que fai referencia o artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

RESOLVO:

Primeiro: Aprobar á liquidación do Orzamento do exercicio 2015 do Concello co seguinte resumo:

INGRESOS

CAPÍTULO PRESUPUESTO INICIAL PRESUPUESTO DEFINITIVO DCHOS. NETOS RECONOCIDOS DCHOS. RECAUDADOS				
1. IMPOSTOS DIRECTOS	1.922.000,00	1.922.000,00	1.771.273,83	1.771.273,83
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	50.000,00	50.000,00	26.269,89	26.269,89
3. TAXAS E OUTROS INGRESOS	667.100,00	667.100,00	724.403,94	724.403,94
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.992.352,42	2.178 .938,58	1.975.021,26	1.975.021,26
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	106.500,00	106.500,00	95.665,93	95.665,93
Subtotal Ingresos Corrientes	**4.737.952,42**	**4.924.538,58**	**4.592.634,85**	**4.592.634,85**
6. ALLEAMENTOS REAIS	0,00	0	0	0
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	143.449,64	809.356,43	581.622,14	581.622,14
8. ACTIVOS FINANCEIROS	5.000,00	1.088.692,80	0,00	0,00
9. PASIVOS FINANCEIROS	0,00	226945,51	226945,51	226.945,51
Subtotal Ingresos Capital	**148.449,64**	**2.124.994,74**	**808.567,65**	**808.567,65**
TOTALES EXERCICIO CORRENTE	**4.886.402,06**	**7.049.533,32**	**5.401.202,50**	**5.401.202,50**

GASTOS

CAPÍTULO PRESUPUESTO INICIAL PRESUPUESTO DEFINITIVO OBLIGACIONES RECONOCIDAS PAGOS REALIZADOS				
1. GASTOS PERSONAL	2 .094.735,00	2.171.209,75	2.106.986,13	2.079.399,81
2. GASTOS BE.CORRIENTES E SERVIC.	1.930.920,81	2.160.965,56	1.894.193,99	1.806.504,32
3. GASTOS FINANCEIROS	25.300,00	22.046,90	12.308,87	12.308,87
4. TRANSFERENCIAS CORRIENTES	142.060,00	150.811,50	120.178,79	105.541,63
Subtotal Gastos Corrientes	**4.193.015,81**	**4.505.033, 71**	**4.133.667,78**	**4.003.754,63**
6. lNVESTIMENTOS REAIS	463 .974,64	1.789.053,84	1.407.870,40	1.344.799,61
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	43.278,81	42.078,81	5.999,97	5.929,97
8. ACTIVOS FINANCEIROS	5.000,00	5.000,00	0,00	0,00
9. PASIVOS FINANCEIROS	181.132,80	708.366,96	515.043,23	515.043,23
Subtotal Gastos Capital	**693.386,25**	**2.544.499,61**	**1.928.913,60**	**1.865.772,81**
TOTALES	**4.886.402,06**	**7.049.533,32**	**6.062.581,38**	**5.869.527,44**

En canto ao resultado orzamentario sería o seguinte:

RESULTADO PRESUPUESTARIO

[1] Total Dereitos Recoflecidos Netos

		5.401.202,50
Operaciones Non Financeiras Presuposto Corrente (Capítulos **1** a 5)	4.592.634 ,85	
Resto Operaciones Non Financieras (Capítulos 6 y 7)	581.622, 14	
Subtotal Operaciones Non Financeiras	**5.174.256,99**	
Activos Financieros (Capítulo **8)**	0,00	
Pasivos Financieros (Capítulo 9)	226.945,51	
2 Total Obr:igas Recoñecidas		6.062.581 ,38
Operaciones No Financieras Presupuesto Corriente (Capítulos 1 a 4)	4.133.667 ,78	
Resto Operaciones Non Financeiras (Capítulos 6 y 7)	1.413.870,37	
Subtotal Operaciones No Financieras	**5.547.538,15**	
Activos Financieros (Capítulo 8)	0,00	
Pasivos Financieros (Capítulo 9)	515.043,23	
RESULTADO PRESUPUESTARIO (1-2)		**-661.378,88**
3 Desviacións de Financiamento Negativas		196.425,00
4 Desviaciones de Financiación Positivas		167.955,40
5 Obrigas financiadas con Remanente Tesourería para Gastos Xerais		548.385,11
RESULTADO AXUSTADO 0-2+3-4+5)		**-84.524,17**

No referente o remanente de tesourería resultan os seguintes datos

REMANENTE DE TESOURERÍA

1.	Fondos Líquidos	**1.681.140,98**
2.	Dereitos pendentes de Cobro:	**5.597,11**
	- Presupuesto Corrente	0,00
	- Presupuestos pechados	847,77
	- Operaciones no Presupuestarias	7.239,15
	A deducir:	
	- Ingresos pendentes de aplicación	2.489,81
3.	Obrigas pendentes de Pago:	**487.204,86**
	- Presupuesto Corrente	193.053,94
	- Presupuestos pechados	2.700, 19
	- Operaciones no Presupuestarias	299.074,44
	A deducir:	
	- Pagos pendentes de aplicación definitiva	7.623,71
	- Anticipos de Caixa Fixa pendentes de xustificar	0,00
	REMANENTE DE TESOURERIA (1+2-3)	1.199.533,23
4.	Dereitos pendentes de Cobro de Difícil ou Imposible Recaudación	847,77
	Subtotal Remanente después de "Dudoso Cobro"	**1.198.685,46**
5.	Exceso de Financiamento Afectado (Desviacions Financiamento Positivas)	55.158,07

REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (1+2-3-4-5) 1.143.527,391

Segundo os datos que se desprenden da liquidación e do sinalado pola Intervención, deducese unha necesidade de financiamento de 198.629,81 euros. Tamen resulta dos datos analizados un incumprimento da REGRA DE GASTO por 437.106,79 euros respecto do límite derivado da liquidación do 2014.

Segundo: Que se dé conta ó Pleno da corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre do resultado obtido no mencionado exercicio orzamentario e remitir copia da mesma á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma."

A Corporación queda enterada.

8.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO 1º TRIMESTRE EXERCICIO 2016

En cumprimento do disposto nos artigas 4 e 5 da Leí 15/2010, de 5 de xullo, de Modificación da Leí 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dáse conta pola Intervención municipal do Informe sobre morosidade e período medio de pagamento correspondente ao primeiro trimestre do exercicio 2016, emitido o 29 de abril de 2016, do seguinte teor literal:

"INFORME SOBRE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO

Período: 1º Trimestre Exercicio 2016

Primeiro.- Morosidade segundo a lei 15/2010, de 5 de julio

A lei 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, regula a morosidade o rexistro de facturas na administración local e sinala ao respecto:

Artículo cuarto. Morosidad de las Administraciones Públicas.

l . El Interventor General del Estado elaborará trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de la Administración General del Estado, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

2. Las Comunidades Autónomas establecerán su propio sistema de información trimestral pública sobre el cumplimiento de losplazos previstos para el pago en esta Ley.

3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.

5. La información así obtenida podrá ser utilizada por las Administraciones receptoras para la elaboración de un informe periódico y de carácter público sobre el cumplimiento de los plazos para el pago por parte de lasAdministraciones Públicas.

Artículo quinto. Registro defacturas en las Administraciones locales.

1 . La Entidad local dispondrá de un registro de todas las facturas y demás documentos emitidos por los contratistas a efectos de justificar las prestaciones realizadas por los mismos, cuya gestión corresponderá a la Intervención u órgano de la Entidad local que tenga atribuida lafunción de contabilidad.

